


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

14-15 de maio do 2022

V SEMANA DO TEMPO DA PASCUA



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 1 ou 82 A Cristo cantamos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Estamos a facer o camiño da Pascua seguindo as pegadas de Xesús, o noso Bo Pastor, e hoxe atopámonos coa encomenda á que El nos convida: “amádevos uns a outros coma irmáns, como eu vos ameí, pois nisto coñecerán que sodes os meus discípulos”.

- * Amor a nós mesmos coidándonos
- * Amor aos que están á nosa beira sendo coidadosos e coidadores
- * Amor aos veciños e veciñas facendo parroquia de paz
- * Amor á terra na que estamos, que nos dá o que necesitamos para vivir, e á que non temos dereito a maltratar e estragar
- * Amor á Igrexa que nos fai comunidade
- * Amor a nosa historia galega, e orgullosos coa lingua das nosas xentes e dos nosos antepasados.

Celebramos esta grandeza de amar e ser amados.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Pero a nosa vida está chea de atrancos que non nos deixan camiñar alegres e pesan no noso corazón. Para poder ser vida de Pascua temos que pedir perdón recoñecendo que non sempre facemos crible este mandamento de amar:*

Monitor/a

- Pedimos perdón polas veces que somos exemplo da irmandade á que ti, Señor, nos convidas. Señor ten piedade de nós
- Pedimos perdón polas veces que só nos amamos a nós mesmos, e cremos que o único que importa é que cada quen vaia ao seu. Cristo, ten piedade de nós
- Pedimos perdón polas veces que querendo ou sen querer facemos da fe un camiño de palabras con rutina, lonxe da encomenda que ti, Señor, nos propós. Señor, ten piedade de nós

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, dos que se atopan sos e perdidos nos camiños da vida sen descubrir que amar vale a pena. A todos nos conceda o Señor o perdón dos pecados, a todos nos abra os ollos á súa Pascua e a todos por Cristo Resucitado nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo doídos e necesitados de paz, e facémolo coa encomenda que nos dá Cristo con quen hoxe dicimos que amar vale a pena.*

(Silenzo)

Celebrante:

Señor, noso Deus, Ti enviaches o teu Fillo para redimirmos e facernos fillos teus.

Mira con amor de Pai aos que cremos en Cristo, dános a verdadeira liberdade e a herdanza eterna, e aléntanos para facer realidade a encomenda do teu Fillo: amarnos uns a outros coma irmáns.

Pedímoscho por El mesmo, que Resucitado vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *O texto que hoxe proclamamos do Evanxeo de Xoán é por unha parte o mellor resume da vida de Xesús: Amou coma irmán. E é por outra parte a tarefa que nos encomenda para sermos cribles: Amarnos uns a outros coma irmáns. Escoitamos sabendo que esta palabra é para nós.*

LECTURA DO LIBROS DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Daquela, Paulo e máis Bernabé volveron para Listra, Iconio e Antioquía, enfortecendo o espírito dos discípulos e animándoos a perseveraren na fe, porque -dicíanlles- temos de pasar por moitos traballos, para entrarmos no Reino de Deus. E despois de designarlles presbíteros en cada Igrexa, oraban, xaxuaban e encomendábanos ao Señor, en quen creran.

Atravesando a Pisidia, chegaron a Panfilia e, logo de anunciaren a palabra en Perxe, baixaron cara a Atalía. De alí embarcaron para Antioquía, desde onde foran confiados á graza de Deus para a misión que viñan de cumprir. Chegando, reuniron a Igrexa e contaron todo canto Deus fixera con eles e como lles abriera aos pagáns a porta da fe.

Palabra do Señor

🎵 *nº 8 ou 55 No colo da miña nai* SALMO

(en pé) *Leccionario I C páx 147 Xn 13, 31-35 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela, dixo Xesús:

- Agora queda glorificado o Fillo do Home e Deus queda

glorificado nel. Se Deus queda glorificado nel, tamén Deus o glorificará a el e hao glorificar axiña. Meus fillos: só un pouquiño estarei convosco.

Douvos un mandamento novo: amádevos uns a outros; como eu vos ameí, amádevos tamén entre vós.

Nisto coñecerán todos que sodes os meus discípulos: se vos tedes amor uns a outros.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silenzo para acoller a palabra no corazón





ACOLLIDA DA AUGA

Celebrante: *Fixemos memoria do noso bautismo na celebración da vixilia pascual. Alí compartíamos a auga de toda a comunidade de Os Cotos, e agora aquí ante a auga de vida que nos une en parroquia, queremos lembrar os compromisos, queremos sentirnos confiados en Deus, queremos ser a COMUNIDADE que ten a Cristo coma o irmán que nos ama.*

Celebrante *Agradécémoslle a Deus os dons da vida cos que El nos agasalla, e facémolo dicindo:*

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

Monitor/a

* Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeche renacer á vida do evanxeo

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

* Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

* Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa polo alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

RENUNCIAMOS AO MAL

Celebrante Neste tempo da Pascua, deixándonos alumar pola luz da fe que recibimos no bautismo, renovamos os nosos compromisos na loita contra o mal.

Monitor/a

○ **Estades dispostos** a loitar contra o mal que nos fai infelices e nos pecha no egoísmo?

Si, estamos dispostos

○ **Estades dispostos** a loitar contra todo o que nos aparta de Deus e fire aos irmáns e á terra?

Si, estamos dispostos

○ **Estades dispostos** a loitar para que no corazón non aniñe a cobiza, a agresividade e a envexa?

Si, estamos dispostos

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste tempo da Pascua, deixádonos guiar da man do RESUCITADO compartimos o credo dicindo
SI CREEMOS

Monitor/a:

Credes en Deus,

Pai e Nai de todos os homes e mulleres,
que nos agarima nas súas mans coidadoras e acolledoras?

SI CREEMOS

Credes en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido,
sempre atento para dar unha man
resucitádonos para mellorar e medrar
coidando con responsabilidade a vida cos demais?

SI CREEMOS

Credes no Espírito de Deus,
que nos alenta esperanza para soñar irmandade,
que nos alenta forza para escandalizarnos ante a guerra,
que nos alenta paz para sementala por toda a Terra?.

SI CREEMOS

Credes na Igrexa,
unha Igrexa que se fai crible en comunidade,
acolledora, respectuosa e coidadora da terra
e de todos os homes e mulleres
que en Ucraia se sinten inxustamente tratados?

SI CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: O Señor Xesús, é o irmán que nos ama.
Poñámonos nas súas mans para que sexa el quen nos encamiñe na fraternidade, e nós sexamos quen de seguilo. Digamos

SEÑOR DA VIDA, ESCOITA A NOSA ORACIÓN

Monitor/a:

✓ Señor, porque somos comunidade, queremos orar polos veciños e veciñas que dan vida e sentido á nosa parroquia. Oremos

✓ Señor, porque somos crentes no rural, queremos orar polas xentes das nosas aldeas, pois non sempre somos tratadas con dignidade. Oremos

✓ Señor, porque somos galegos queremos orar agradecidos e orgullosos coa lingua da nosa terra, da nosa historia, dos nosos antepasados. Oremos

✓ Señor, porque somos igrexa na Unidade Pastoral de Os Cotos, queremos seguir facendo crible unha fe acolledora e coidadora. Oremos

✓ Señor, porque somos crentes da Pascua, queremos facer noso o teu desexo de paz e de amarnos uns a outros coma irmáns. Foi o teu evanxeo e é o noso. Oremos

Celebrante: Señor Xesús, que saibamos recoñecerte no amor vivido en irmandade, pedímoscho a ti que vives e reinas Resucitado por sempre eternamente. Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Temos escoitado a Cristo, o noso irmán, por iso guiados por el rezamos a Deus Pai como nos ensinou: NOSO PAI ...*

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *A invitación que nos fai hoxe Xesús, o Bo Pastor, é a de amarnos uns a outros como El nos amou, porque nisto coñeceran que somos os seus discípulos. É verdade que non é unha encomenda calquera, é a que se nos dá en PAZ para facer camiño de Pascua. Sexamos nós, hoxe e sempre, homes e mulleres de paz.*

COMUÑÓN

Celebrante: *Pola man dos apóstolos aquela primeira comunidade botaba a andar querendo ser discípulos de Xesús amando como el o fixo. Nós compartimos unha mesa en irmandade como signo dunha vida toda ela compartida, no que temos, no que somos, no que amamos, no que vale a pena. Ditosos nós convidados a esta festa da Pascua do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

♪ n° 9 ou 58 Acharte presente na vida

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, asiste con bondade ao teu pobo.
Ti que nos iluminaches
con esta celebración compartida,
fainos entrar na vida nova da túa graza,
para que coas nosas palabras e os nosos feitos
sexamos testemuñas do amarnos, uns aos outros,
coma o teu Fillo nos amou.
El que vive e reina Resucitado
para sempre eternamente. Amén

Coma crentes no rural galego queremos sentirnos de verdade membros da comunidade de Xesús.

Escoitando o Evanxeo de hoxe dámonos conta de que aínda nos queda un longo camiño que percorrer para selo de verdade.

Aprendamos a vivir o amor como o viviu Xesús, respectando e facendo irmandade na paz, tratando a todas as persoas como queremos que nos traten a nós.

Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa PASCUA e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén




**Bendito ti, Xesús resucitado
coas feridas da lanza e mais os cravos.
Bendito para sempre ti es loado,
bendito ti, Xesús resucitado.**

- 1.- Bendito no aire fresco da mañá
e no cantar do paxaro ao espertar.
Bendito na auga fresca e rebuldeira
que dá vida aos prados e ás leiras.
- 2.- Bendito sexas na terra que agradece
o duro traballar coa súa anada,
bendito na esperanza que se esforza
por chegar a outra terra mellorada.

*(Esta cantiga é a número 84
do cancionero de Os Cotos)*

ALELUIA !! “CRISTO ESTÁ RESUCITADO”

UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS



FELICES FESTAS DA PASCUA